

## Comentarios postos no blog do Sánchez Cantón no curso 2012-2013

### A pomba e o degolado

Historia interesante, caso real, problemas coa familia e cos amigos ... Estas son algunhas das cousas que fan que este libro, curto e fácil de ler, sexa moi recomendable para rapaces que se atopan na idade adolescente. A autora preséntanos os problemas de Andrés, un rapaz que sufriu moitos acontecementos traumáticos dende o comezo da súa vida, coma a separación dos seus pais, o carácter da súa irmá maior ... Cousas que fan que Andrés madure máis rapidamente. No contexto do auxe das drogas en Galicia, Andrés coñece a mozos e mozas que están a vivir ese problema nas súas casas e, ou ben imitan as condutas dos seus pais, ou ben levan enriba complicados traumas desde a súa infancia. O protagonista debe afrontar este tipo de situacións, ademais do acoso escolar que recibe por parte algúns dos seus compañeiros, razón pola cal Andrés realiza algunhas cousas prexudiciais para ser admitido no grupo. Mais o seu avó, que o coñece moi ben, vendo a súa pena, quere axudalo, e para iso ensínalle a coidar un grupo de paxaros ós que quere moito. Ademais, o avó permítelle a Andrés contratar unha liña de Internet, feito que lle cambiará a vida. O rapaz instala un programa de mensaxería na computadora e nun foro coñece a "Pomba", un estraño usuario do chat co cal Andrés fai amizade. Grazas a isto, o protagonista deixa saír todas as súas preocupacións e é capaz de compartir as súas vivencias con alguén que o parece comprender perfectamente.

Persoalmente, paréceme un libro moi bo. Considero que é importante que un tema tan grave coma o acoso escolar (ou "bullying") sexa tratado nun libro para adolescentes, de maneira que os mozos e mozas que estean a vivir unha situación semellante (tanto se son vítimas como se son os causantes), a lectura deste libro lles permite reflexionar sobre este tema, sobre as graves consecuencias que pode ter. En canto á autora, Fina Casalderrey, gústame a súa forma de escribir e o enfoque que lle dá a temas que poden ser importantes na etapa na que nos atopamos, tanto nesta obra, coma noutras que teño lido desta escritora. **(Luís)**

É un libro interesante, gustoume bastante. Gustoume que o libro tratase temas da adolescencia, época na que me encontro, por que te axuda a ver a adolescencia dende un punto de vista diferente, outras experiencias sobre o que nos está a acontecer. O libro trataba temas como os namoramentos, os profesores e matóns, os típicos problemas cos pais ... gustoume que o protagonista tivera tan boa relación co seu avó, e entrísteceume que xusto vaia e ... Os avós teñen moita experiencia na vida, e penso que é bo ter unha boa relación con eles, porque non é o mesmo falar dun problema cun avó ca cos teus pais. Ao protagonista gustábanlle os paxaros, cousa que sen chegar a ser rara, non é moi habitual, pero penso que é bo ter unha afección e André desa maneira tiña moitos coñecementos sobre eses animais. O que menos me fascinou, pode ser o final, non estivo mal, pero faltáballe un non sei que para facelo especial, que non tiña. Supoño que me esperaba algo máis de que a Pomba fora Halima, xa o pensara dende a metade do libro, íase intuindo pouco a pouco, e non me esperaba que lle fora a gustar André. En xeral, o libro gustoume polos temas que tratou, pero o final podería haber rematado doutra maneira. **(Alexandra)**